

ACTA FINAL

Proceso selectivo: contratación temporal de 5 auxiliares de policía local.

No "Centro Sociocultural – Auditorio" de Rianxo, ás 09:20 horas, do día 13 de abril de 2016, reúnese o Tribunal Cualificador que avalía as probas selectivas para a contratación temporal de 5 auxiliares de policía local para realizar a proba de coñecementos segundo a base *Sétima.A.2. Proba de coñecementos* das bases de selección.

Ás 09:30 horas iníciase o control de identidade e acceso á sala na que se vai celebrar a proba. Preséntanse 17 persoas aspirantes e quedan eliminadas do proceso as non presentadas.

Ás 09:35 entréganselles os exames para os que teñen un tempo dunha hora, tal como establecen as bases; remata a proba ás 10:35.

Durante a celebración do exame o Tribunal indícalles ás persoas presentes que:

1. na pregunta número 28 hai que substituír o termo "faltas" por "delito leve";
2. elimínase a pregunta número 31 e substitúese pola primeira de reserva.

Unha vez rematada a proba o Tribunal corríxea e obtense o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS	Proba coñecemento	Resultado
Joaquín Iglesias Sobradelo	6,00	Supera
Samuel Iglesias Docabo	2,53	Non supera
Andrea Outeda Graña	NON PRESENTADO	
Daniel Vidal Bravo	5,73	Supera
Carlos Fachado Blanco	NON PRESENTADO	
Luís Javier Dieste Lesende	9,20	Supera
Juan Antonio Sampedro Fernández	NON PRESENTADO	
Sergio Calvo Pardal	NON PRESENTADO	
Adrian Rodríguez Regueiro	2,00	Non supera
David Oviedo Bonner	1,73	Non supera
Óscar Figueira Ordóñez	6,27	Supera
Francisco Javier Bello Neo	2,27	Non supera
David Ferro Casal	3,33	Non supera
Paula Lorenzo Fernández	3,60	Non supera
Isaac Rodríguez Abelleira	6,00	Supera
Adrián García Suárez	4,93	Non supera
Estefanía Puga Torres	4,40	Non supera
Ignacio González García	NON PRESENTADO	
Javier Antelo Vázquez	1,73	Non supera
José Manuel Rendo Fernandes	4,13	Non supera
Ismael Otero Conde	NON PRESENTADO	
David Sánchez Balado	NON PRESENTADO	

Michell Valle Ouviaña	NON PRESENTADO	
Manuel Otero Pérez	1,73	Non supera
Carlos Fernández López	NON PRESENTADO	
Xaquín García Carneiro	4,93	Non supera

Superan a proba cinco aspirantes.

Ao remate da corrección amósaselle a cada aspirante a súa nota e o seu exame e remátase ás 12:00 horas.

Nese momento infórmase aos aspirantes que superaron a proba da posibilidade de realizar de seguido a proba recollida como base *Sétima.A.3. Proba específica sobre o coñecemento do termo municipal e da toponimia local*, posibilidade que todos aceptan.

Así, ás 12:20 horas iníciase a dita proba para a que teñen un tempo máximo de 40 minutos. Rematan ás 12:45 horas.

Ao remate o Tribunal realiza a corrección da dita proba co seguinte resultado:

NOME E APELIDOS	Proba toponimia	Resultado
Joaquín Iglesias Sobradelo	2,00	Supera
Daniel Vidal Bravo	2,00	Supera
Luís Javier Dieste Lesende	2,60	Supera
Óscar Figueira Ordóñez	2,00	Supera
Isaac Rodríguez Abelleira	0,90	Non supera

Non se realiza a proba de coñecementos da lingua galega por teren acreditado o seu coñecemento as catro persoas que superaron as probas.

Unha vez rematadas todas as probas para a contratación laboral temporal de cinco auxiliares de policía local, as persoas aspirantes que as superaron obteñen, por orde descendente, a seguinte puntuación final:

NOME E APELIDOS	Proba coñecemento	Proba toponimia	TOTAL
Luís Javier Dieste Lesende	9,20	2,60	11,80
Óscar Figueira Ordóñez	6,27	2,00	8,27
Joaquín Iglesias Sobradelo	6,00	2,00	8,00
Daniel Vidal Bravo	5,73	2,00	7,73

De acordo coas bases que rexen a convocatoria, o Tribunal propón ás catro persoas aspirantes que superaron as probas para cubrir, temporalmente, os postos de AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL para o Concello de Rianxo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 13:30 horas do 13/04/2016, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal e se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.

